


Lingua Galega

Bos días, nenos e nenas:


Que tal? Como estades? Espero que ben. Comezamos una nova semana!

Hoxe, repasaremos:



LEMBRA...

O conxunto de palabras derivadas dunha palabra primitiva forman una familia de palabras.



Palabra primitiva: flor. Palabras derivadas: florear, florista, floración...

DETERMINANTES: OS POSESIVOS

POSESIVOS

Os posesivos indican **QUEN POSUE** ou **A QUEN LLE PERTENCE** o designado polo substantivo.

Son os seguintes:

	UN SÓ POSUIDOR				VARIOS POSUIDORES			
	SINGULAR		PLURAL		SINGULAR		PLURAL	
	Masc	Fem.	Masc	Fem.	Masc	Fem.	Masc	Fem.
1^a PERSOA	meu	miña	meus	miñas	noso	nosa	nosos	nosas
2^a PERSOA	teu	túa	teus	túas	voso	vosa	vosos	vosas
3^a PERSOA	seu	súa	seus	súas	seu	súa	seus	súas



DETERMINANTES: OS NUMERAIS

GRAMÁTICA. DETERMINANTES NUMERAIS

- OS **NUMERAIS** ACOMPAÑAN O SUBSTANTIVO PARA INDICAR UN NÚMERO. PODEN SER:
 - CARDINAIS: EXPRESAN UNHA CANTIDAD.
 - ORDINAIS: EXPRESAN O LUGAR QUE OCUPA O SUBSTANTIVO DENTRO DUNHA SERIE ORDENADA

PONTE A PROBA!

1. Competencia lectora.

Raquel sorriu, pero non dixo nada. Unhas bágoas tímidas asomaron nos seus ollos. Chegara o momento tan temido, a despedida daquel amigo diminuto que xa formaba parte da súa vida. Ía ser difícil afacerse á súa ausencia.

Anicouse para mellor despedirse de Derdrín. O trasno tamén tiña unha expresión seria, tamén para el era duro separarse daquela amiga con quen tanto falara nos últimos meses. Entón, Derdrín colleu unha das pequenas margaridas que medraban entre a herba e apertouna entre as dúas mans, como se quixese esmagala. Cando as separou, os restos da flor desapareceran e o que había no seu lugar era un pequeno anel de prata.

—Toma, é o meu agasallo de despedida —dixo, ao tempo que colocaba o anel nun dos dedos da nena—. Hache servir para que te lembres de min todos os días da túa vida.

A. Fernández Paz: *No corazón do bosque*, Edicións Xerais, col. Sopa de libros.

1. Lee con atención o texto e contesta as seguintes preguntas:

a) Como se chama o amigo de Raquel?

b) Que ten de particular?

c) Como se senten ambos os dous? Por que?

d) Que lle regalou o amigo de Raquel á nena? Para que?

e) Como fixo aparecer o agasallo?

2. Escribe tres palabras da mesma familia que as seguintes, tomadas do texto.

Recurso: podes usar o dicionario.

- Ollos: _____

- Flor: _____

3. Busca dous posesivos no primeiro parágrafo do texto (azul). E outros dous no último parágrafo (laranxa). Cópialos xunto co nome ao que acompañan.

4. Copia un numeral que aparece no terceiro parágrafo (verde), tamén xunto ao nome ao que acompaña:

- Que clase de numeral?

5. Busca na sopa de letras, sete palabras con “b”, relacionadas con animais ou plantas que se poden atopar no bosque. Escríbeas:

